

## Glosario

**Ácido:** Substancia con pH inferior a 7. Caracterízase por ter sabor agre e pode reaccionar con certos materiais.

**Aire:** Conxunto de gases que forman a atmosfera da Terra, composto principalmente por nitróxeno, osíxeno e outros gases en menores proporcións.

**Alcalino:** Substancia con pH superior a 7. Adoitan ter sabor amargo e tacto escorregadizo.

**Anticiclón:** É unha zona de alta presión atmosférica rodeada de isóbaras de menor presión. Débese a unha masa de aire frío e seco que descende. O vento desprázase cara o exterior.

**Atmosfera:** Capa de gases que rodea o planeta Terra, composta principalmente por nitróxeno (78%) e osíxeno (21%), ademais doutros gases en menores proporcións.

**Auga:** Composto químico (H<sub>2</sub>O) fundamental para a vida, que pode presentarse en tres estados: sólido, líquido e gasoso.

**Auga subterránea:** Auga do subsolo que procede da infiltración das precipitacións ou do desxeo.

**Boato:** Información falsa que se difunde rapidamente e que confunde á poboación xeral sobre un determinado tema.

**Borrasca:** É unha zona de baixa presión atmosférica, rodeada de isóbaras de maior presión. Débese a unha masa de aire quente e húmido que ascende. O vento desprázase cara o interior.

**Desinformación:** Difusión intencionada de información falsa ou enganosa, que busca confundir ou manipular a opinión pública.

**Divulgación científica:** Comunicación de coñecementos e descubrimentos científicos de forma clara e accesible, co fin de fomentar o interese pola ciencia e combater a desinformación.

**Fonte de información fiable:** Recurso que ofrece datos correctos e contrastados sobre un determinado tema, normalmente proporcionados por persoas expertas na materia ou entidades de confianza.

**Glaciar de casquete ou inlandsis:** Masas de xeo moi extensas e que poden acadar quilómetros de espesor.

**Hidrosfera:** Conxunto de toda a auga da Terra. Cobre aproximadamente o 70% da superficie terrestre e é fundamental para a existencia de vida no planeta.

**Humidade relativa:** É a cantidade de vapor de auga que contén unha masa de aire en relación á máxima que podería conter en función da súa temperatura. O aire quente pode admitir máis vapor que o aire frío.

**Infografía:** Representación gráfica que combina texto e imaxes para expoñer información de forma clara e sinxela.

**Información científica:** Conxunto de datos e coñecementos obtidos mediante experimentos e investigación, baseados en probas reais e comprobados por persoas expertas, que axudan a entender como funciona o mundo.

**Latitute:** É a distancia angular desde un punto da superficie da Terra ata o ecuador. Mídese en grados, minutos e segundos.

**Negacionismo do cambio climático:** Ideas falsas que negan ou minimizan o cambio climático, a pesar de que a ciencia demostra que se trata dun problema real de graves consecuencias.

**Ozono:** É unha molécula formada pola unión de tres átomos de osíxeno (O).

**Permafrost:** Tipo de solo de rexións moi frías que permanece conxelado, excepto a zona máis superficial na que pode haber ciclos de xeo e desxeo.

**pH:** Valor numérico que indica o grao de acidez ou alcalinidade dunha substancia, variando nunha escala que vai desde o pH 0 (moi ácido) ao pH 14 (moi alcalino), pasando polo pH 7 (neutro).

“Glosario: Naveguemos e voemos”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.](#)

